

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13722 *Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

Un dos elementos clave para mellorar a competitividade das empresas consiste en reducir a morosidade das administracións públicas, xa que isto permitirá reducir as súas necesidades de financiamento e evitar os efectos negativos que isto xera sobre o emprego e a súa propia supervivencia.

Con este obxectivo, o informe da Comisión para a reforma das administracións públicas contén varias propostas de reformas estruturais para erradicar a morosidade das administracións públicas. Esta lei é unha destas reformas estruturais que impulsa o uso da factura electrónica e crea o rexistro contable, o que permitirá axilizar os procedementos de pagamento ao provedor e dar certeza das facturas pendentes de pagamento existentes.

Este control informatizado e sistematizado das facturas favorecerá un seguimento rigoroso da morosidade a través dun indicador, o período medio de pagamentos, que visualizará o volume de débeda comercial das administracións e permitirá, chegado o caso, aplicar os novos mecanismos previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en que o control da débeda comercial forma parte do principio de sustentabilidade financeira.

Para fortalecer esta necesaria protección do provedor facilítase a súa relación coas administracións públicas favorecendo o uso da factura electrónica e a súa xestión e tramitación telemática, en liña coa «Axenda dixital para Europa», unha das iniciativas que a Comisión Europea está impulsando no marco da estratexia «Europa 2020». Así mesmo, esta protección verase reforzada cun mellor control contable das facturas recibidas polas administracións, o cal permitirá non só facer un mellor seguimento do cumprimento dos compromisos de pagamento das administracións públicas, senón tamén un mellor control do gasto público e do déficit, o que xerará unha maior confianza nas contas públicas.

Para alcanzar estes fins, esta lei inclúe medidas dirixidas a mellorar a protección dos provedores, tales como o establecemento da obriga de presentación nun rexistro administrativo das facturas expedidas polos servizos que presten ou bens que entreguen a unha Administración pública no marco de calquera relación xurídica; o impulso do uso da factura electrónica no sector público, con carácter obrigatorio para determinados suxeitos a partir do 15 de xaneiro de 2015; a creación obligatoria para cada unha das administracións públicas, estatal, autonómica e local, de puntos xerais de entrada de facturas electrónicas para que os provedores poidan presentalas e cheguen electronicamente ao órgano administrativo a que corresponda a súa tramitación e á oficina contable competente. Deste modo habería un punto xeral de entrada de facturas electrónicas por cada nivel administrativo, en total tres, salvo que as comunidades autónomas ou as entidades locais, en aplicación do principio de eficiencia, se adhiran ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

Por último, apóstase ademais polo impulso da facturación electrónica tamén no sector privado, a través da modificación da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, exigible a partir do 15 de xaneiro de 2015.

Xunto ás medidas adoptadas para protexer o proveedor e co obxectivo de seguir avanzando nun mellor control do gasto público, a presente lei pon en marcha tamén unhas medidas dirixidas ás administracións públicas como a creación dun rexistro contable de facturas xestionado polo órgano ou unidade que teña atribuída a función contable; a regulación dun novo procedemento de tramitación de facturas, que entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014, que mellorará o seu seguimento, e o fortalecemento dos órganos de control interno ao outorgarlles a facultade de poder acceder á documentación contable en calquera momento.

A presente lei consta dun total de 13 artigos, agrupados en cinco capítulos, seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e oito disposicións derradeiras.

O capítulo I concreta o obxecto da lei e o seu ámbito de aplicación subxectivo. A lei aplícase ás facturas emitidas pola entrega de bens ou á prestación de servizos ás administracións públicas, entendendo por tales os entes, organismos e entidades a que se refire o artigo 3.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O capítulo II establece a obrigaición de presentación das facturas nun rexistro administrativo.

O capítulo III refírese ao uso da factura electrónica no sector público e establece o formato que debe ter. Así mesmo, créase o denominado punto xeral de entrada de facturas electrónicas, do que disporán cada unha das administracións, con posibilidade de celebrar convenios ou adherirse ao punto xa implementado pola Administración xeral do Estado para compartir o seu uso e que non sexa necesario que cada Administración invista recursos en desenvolver o seu propio punto xeral de entrada de facturas electrónicas. Para estes efectos, regúlanse as características mínimas que deben reunir estes puntos.

O capítulo IV regula a creación do Rexistro Contable de Facturas, un novo procedemento para a tramitación de facturas e as actuacións correspondentes ao órgano competente en materia de contabilidade.

O capítulo V recolle os efectos da recepción da factura, as facultades e obrigaicións dos órganos de control interno e a colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta e sexta regulan, respectivamente, o réxime, para os efectos desta lei, dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos legislativos e de control autonómicos, o formato da factura e a sinatura electrónica, o formato da factura electrónica e os seus efectos tributarios, o intercambio de información sobre debedores das administracións, a adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado e a publicidade da creación dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e do Rexistro Contable de Facturas.

A disposición transitoria primeira prevé a non aplicación do disposto na lei ás facturas xa expedidas no momento da súa entrada en vigor. Non obstante, os provedores que así o consideren poderán presentar ante un rexistro administrativo tamén as facturas expedidas antes da entrada en vigor da lei.

A disposicións transitorias segunda e terceira prevén a sinatura das facturas electrónicas en canto non se desenvolva o contido do selo electrónico avanzado e a intermediación entre o punto xeral de entrada de facturas e os órganos administrativos a que corresponda a tramitación, até que non estean dispoñibles os rexistros contables de facturas, respectivamente.

A disposición derogatoria derroga cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na lei.

A disposición derradeira primeira refírese á modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

A disposición derradeira segunda recolle a modificación da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información para establecer a obrigatoriedade da facturación electrónica a determinadas empresas e particulares que acepten recibilas ou que as solicitasen expresamente, así como a eficacia executiva da factura electrónica.

A disposición derradeira terceira refírese á modificación do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A disposición derradeira cuarta refírese a unha modificación da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

A disposición derradeira quinta determina o carácter básico da lei e invoca os artigos 149.1.6.^a, 149.1.8.^a, 149.1.13.^a, 149.1.14.^a e 149.1.18.^a da Constitución española como títulos competenciais ao abeiro dos cales se dita a lei.

As disposicións derradeiras sexta, sétima e oitava refírense respectivamente ao desenvolvemento regulamentario desta lei, á habilitación normativa e á súa entrada en vigor aos vinte días da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, salvo o artigo 4, que entrará en vigor o 15 de xaneiro de 2015, e o artigo 9 e a disposición derradeira primeira, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto da presente lei impulsar o uso da factura electrónica, crear o Rexistro Contable de Facturas, regular o procedemento para a súa tramitación nas administracións públicas e as actuacións de seguimento polos órganos competentes.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. O previsto na presente lei será de aplicación ás facturas emitidas no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos e as administracións públicas.

2. Para os efectos do previsto nesta lei terán a consideración de administracións públicas os entes, organismos e entidades a que se refire o artigo 3.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, no exercicio da súa función colaboradora na xestión da Seguridade Social.

CAPÍTULO II

Obrigación de presentación de facturas ante as administracións públicas

Artigo 3. *Obrigación de presentación de facturas no rexistro.*

O provedor que expedise a factura polos servizos prestados ou bens entregados a calquera Administración pública terá a obrigaçión, para os efectos do disposto nesta lei, de presentala ante un rexistro administrativo, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación de servizos. En canto non se cumpran os requisitos de tempo e forma de presentación establecidos nesta lei non se entenderá cumprida esta obrigaçión de presentación de facturas no rexistro.

CAPÍTULO III

Factura electrónica nas administracións públicas*Artigo 4. Uso da factura electrónica no sector público.*

Todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos á Administración pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- e) Unións temporais de empresas;
- f) Agrupación de interese económico, agrupación de interese económico europea, fondo de pensións, fondo de capital risco, fondo de investimentos, fondo de utilización de activos, fondo de regularización do mercado hipotecario, fondo de titulación hipotecaria ou fondo de garantía de investimentos.

Non obstante, as administracións públicas poderán excluír regulamentariamente desta obrigación de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de até 5.000 euros e as emitidas polos provedores aos servizos no exterior das administracións públicas até que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos.

Artigo 5. Formato das facturas electrónicas e a súa sinatura electrónica.

Para efectos do previsto nesta lei:

1. As facturas electrónicas que se remitan ás administracións públicas deberán ter un formato estruturado e estar asinadas con sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo co disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

Por orde da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, determinarase o formato estruturado da factura electrónica, oído o Comité Sectorial de Administración Electrónica.

2. Tamén se admitirá o selo electrónico avanzado baseado nun certificado recoñecido que reúna os seguintes requisitos:

- a) O certificado deberá identificar a persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica que sele a factura electrónica, a través da súa denominación ou razón social e do seu número de identificación fiscal.
- b) A solicitude do selo electrónico avanzado poderase formular ben mediante comparecencia presencial dunha persoa física que acredite a súa representación, ben por medios electrónicos mediante o DNI electrónico e a remisión dos documentos que acrediten o seu poder de representación en formato papel ou electrónico.

O selo electrónico é o conxunto de datos en forma electrónica, consignados ou asociados con facturas electrónicas, que poden ser utilizados por persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica para garantir a orixe e a integridade do seu contido.

Artigo 6. Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

1. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais disporán dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes.

Non obstante o anterior, as entidades locais poderanse adherir á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporcione a súa deputación, comunidade autónoma ou o Estado.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderanse adherir á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporcione o Estado.

2. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas dunha Administración proporcionará unha solución de intermediación entre quen presenta a factura e a oficina contable competente para o seu rexistro.

3. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas permitirá o envío de facturas electrónicas no formato que se determina nesta lei. O provedor ou quen presentase a factura poderá consultar o estado da tramitación da factura.

4. Todas as facturas electrónicas presentadas a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas producirán unha entrada automática nun rexistro electrónico da Administración pública xestora do dito punto xeral de entrada de facturas electrónicas, e proporcionarán un xustificante de recepción electrónico con acreditación da data e hora de presentación.

5. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcionará un servizo automático de posta á disposición ou de remisión electrónica destas ás oficinas contables competentes para o seu rexistro.

6. A Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinarán conxuntamente as condicións técnicas normalizadas do punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

Artigo 7. Arquivo e custodia da información.

1. A responsabilidade do arquivo e custodia das facturas electrónicas corresponde ao órgano administrativo destinatario da información, sen prexuízo de que poida optar pola utilización do correspondente punto xeral de entrada de facturas electrónicas como medio de arquivo e custodia das ditas facturas se se adhire a el.

2. Cando o punto xeral de entrada de facturas electrónicas sexa utilizado para arquivo e custodia das facturas electrónicas, a súa información non poderá ser empregada para a explotación ou cesión da información, salvo para o propio órgano administrativo a que corresponda a factura. Isto entenderase sen prexuízo das obrigacións que poidan derivar da normativa tributaria.

CAPÍTULO IV

Rexistro Contable de Facturas e procedemento de tramitación nas administracións públicas*Artigo 8. Creación do Rexistro Contable de Facturas.*

1. Cada un dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei disporá dun rexistro contable de facturas que facilite o seu seguimento, cuxa xestión corresponderá ao órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.

2. Este Rexistro Contable de Facturas estará interrelacionado ou integrado no sistema de información contable.

Artigo 9. *Procedemento para a tramitación de facturas.*

1. O rexistro administrativo en que se reciba a factura remitiraa inmediatamente á oficina contable competente para a anotación no rexistro contable da factura.

As facturas electrónicas presentadas no correspondente punto xeral de entrada de facturas electrónicas serán postas á disposición ou remitidas electronicamente, mediante un servizo automático proporcionado polo dito punto, ao rexistro contable de facturas que corresponda en función da oficina contable que figura na factura. Na factura deberanse identificar os órganos administrativos a que vaia dirixida de conformidade coa disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non obstante, o Estado, as comunidades autónomas e os municipios de Madrid e Barcelona poderán excluír regulamentariamente desta obrigación de anotación no rexistro contable as facturas cuxo importe sexa de até 5.000 euros, así como as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior de calquera Administración pública até que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos.

2. A anotación da factura no Rexistro Contable de Facturas dará lugar á asignación do correspondente código de identificación da dita factura no citado rexistro contable. No caso das facturas electrónicas, o dito código será comunicado ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

3. O órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade remitiraa ou poraa á disposición do órgano competente para tramitar, se procede, o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou coa prestación do servizo realizada por quen expediu a factura, e proceder ao resto de actuacións relativas ao expediente de recoñecemento da obrigación, incluída, se for o caso, a remisión ao órgano de control competente para efectos da preceptiva intervención previa.

4. Unha vez recoñecida a obrigación polo órgano competente que corresponda, a tramitación contable da proposta ou orde de pagamento identificará a factura ou facturas que son obxecto da proposta, mediante os correspondentes códigos de identificación asignados no Rexistro Contable de Facturas.

Artigo 10. *Actuacións do órgano competente en materia de contabilidade.*

Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas administracións públicas:

1. Efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigación, que serán dirixidos aos órganos competentes.

2. Elaborarán un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e os órganos competentes non efectuasen o recoñecemento da obrigación. Este informe será remitido dentro dos quince días seguintes a cada trimestre natural do ano ao órgano de control interno.

CAPÍTULO V

Efectos da recepción da factura, facultades dos órganos de control e colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria

Artigo 11. *Efectos da recepción da factura no punto xeral de entrada de facturas electrónicas e anotación no Rexistro Contable de Facturas.*

A recepción da factura no punto xeral de entrada de facturas electrónicas e a súa anotación no Rexistro Contable de Facturas terá unicamente os efectos que, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e

do procedemento administrativo común, deriven da súa presentación nun rexistro administrativo.

Artigo 12. *Facultades e obrigacións dos órganos de control interno.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado e os órganos de control equivalentes nos ámbitos autonómico e local terán acceso á documentación xustificativa, á información que conste no Rexistro Contable de Facturas e á contabilidade, en calquera momento.

2. Anualmente, o órgano de control interno elaborará un informe en que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade. No caso das entidades locais, este informe será elevado ao pleno.

Artigo 13. *Colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Os rexistros contables de facturas remitirán á Axencia Estatal de Administración Tributaria, por vía telemática, aquela información sobre as facturas recibidas, para asegurar o cumprimento das obrigacións tributarias e de facturación cuxo control lle corresponda. Habilítase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para determinar o contido da información indicada, así como o procedemento e a periodicidade da súa remisión.

Disposición adicional primeira. *Réxime dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos legislativos e de control autonómicos.*

Os órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas, do Defensor do Pobo, das asembleas legislativas das comunidades autónomas e das institucións autonómicas análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo adaptarán a súa actuación ás normas establecidas nesta lei para as administracións públicas.

Disposición adicional segunda. *Formato da factura e sinatura electrónica.*

En canto non se aprobe a orde ministerial prevista no artigo 5, as facturas electrónicas que se remitan ás administracións públicas axustaranse ao formato estruturado da factura electrónica Facturae, versión 3.2, e de sinatura electrónica conforme a especificación XMLAdvanced Electronic Signatures (XAdES).

Disposición adicional terceira. *Formato da factura electrónica e os seus efectos tributarios.*

A factura electrónica prevista nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento será válida e terá os mesmos efectos tributarios que a factura en soporte papel. En particular, poderá ser utilizada como xustificante para efectos de permitir a deducibilidade da operación de conformidade coa normativa de cada tributo e co disposto no artigo 106 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición adicional cuarta. *Intercambio de información.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria, os órganos de recadación das comunidades autónomas e entidades locais, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e os órganos pagadores das administracións públicas, incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente, intercambiarán a información sobre debedores das administracións e os pagamentos a estes co obxecto de realizar as actuacións de embargo ou compensación que procedan.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria creará e administrará a plataforma informática para o desenvolvemento dos intercambios de información e as actuacións de xestión recadatoria previstas nesta disposición.

Disposición adicional quinta. *Adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.*

1. En cumprimento da obrigaçión de establecer un punto xeral de entrada de facturas electrónicas sinalada no artigo 6 da presente lei, as comunidades autónomas e as entidades locais poderanse adherir ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas establecido pola Administración xeral do Estado, que lles proporcionará as funcionalidades previstas para o citado punto respecto das facturas electrónicas dos provedores.

2. A adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado realizarase por medios telemáticos a través do portal electrónico establecido para o efecto no citado punto pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

3. Este acto de adhesión, subscrito con sinatura electrónica avanzada polo órgano competente da comunidade autónoma ou entidade local de que se trate, deberá deixar constancia da vontade da dita comunidade ou entidade de se adherir ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado e de aceptar na súa integridade as condicións de uso da plataforma, determinadas pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. Os desenvolvementos técnicos que, se for o caso, deban implantar as comunidades autónomas e as entidades locais para integrar e facer compatibles os seus sistemas informáticos co punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado serán financiados con cargo aos orzamentos de cada comunidade autónoma ou entidade local.

5. A adhesión das comunidades autónomas ou entidades locais ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado é voluntaria, ben que a non adhesión se deberá xustificar en termos de eficiencia, conforme o artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado poderá comportar a repercusión dos custos económicos que se xeren.

Disposición adicional sexta. *Publicidade dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e dos rexistros contables.*

Daráselle publicidade á creación dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e dos rexistros contables.

Disposición transitoria primeira. *Obrigaçión de presentación da factura nun rexistro administrativo.*

As obrigaçións previstas nesta lei non serán de aplicación ás facturas xa expedidas no momento da súa entrada en vigor.

Non obstante, o provedor que expedise a factura polos servizos prestados ou bens entregados a calquera Administración pública antes da entrada en vigor desta lei poderá presentala ante un rexistro administrativo, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria segunda. *Sinatura das facturas electrónicas.*

En canto non se desenvolva o contido do selo electrónico avanzado baseado nun certificado electrónico recoñecido, as facturas electrónicas que se presenten ante as administracións públicas poderán garantir a súa autenticidade e integridade mediante un

certificado que resulte válido na plataforma de validación de certificados electrónicos @ firma, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Disposición transitoria terceira. *Intermediación entre o punto xeral de entrada de facturas e a oficina contable competente.*

Mentres non estea dispoñible o Rexistro Contable de Facturas, o punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcionará unha solución de intermediación, ben a través dun servizo automático de posta á disposición ou ben a través da súa remisión electrónica, entre quen presenta a factura e o órgano administrativo a que corresponda a súa tramitación.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei. En particular, queda derogado o artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.*

Modifícase o número 4 do artigo 34 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, que queda redactado da seguinte forma:

«4. De acordo co disposto no número anterior, establécese o réxime de autoliquidación do imposto con carácter obrigatorio nas seguintes comunidades autónomas:

Comunidade Autónoma de Andalucía
Comunidade Autónoma de Aragón
Comunidade Autónoma do Principado de Asturias
Comunidade Autónoma das Illes Balears
Comunidade Autónoma de Canarias
Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha
Comunidade de Castilla y León
Comunidade Autónoma de Cataluña
Comunidade Autónoma de Galicia
Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia
Comunidade Valenciana»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.*

A Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, queda modificada como segue:

Un. Inclúese un novo artigo 2 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 2 bis. *Factura electrónica no sector privado.*

Para efectos do disposto nesta lei:

1. As empresas prestadoras dos servizos a que alude o artigo 2.2, deberán expedir e remitir facturas electrónicas nas súas relacións con empresas e particulares que acepten recibilas ou que as solicitasen expresamente. Este deber é independente do tamaño do seu cadro de persoal ou do seu volume anual de operacións.

Non obstante, as axencias de viaxe, os servizos de transporte e as actividades de comercio ao retallo só están obrigadas a emitir facturas electrónicas nos termos previstos no parágrafo anterior cando a contratación se levase a cabo por medios electrónicos.

As obrigacións previstas neste artigo non serán exhibibles até o 15 de xaneiro de 2015.

2. O Goberno poderá ampliar o ámbito de aplicación deste artigo a empresas ou entidades que non presten ao público en xeral servizos de especial transcendencia económica nos casos en que se considere que deban ter unha interlocución telemática cos seus clientes ou usuarios, pola natureza dos servizos que prestan, e emitan un número elevado de facturas.

3. As facturas electrónicas deberán cumprir, en todo caso, o disposto na normativa específica sobre facturación.

4. As empresas prestadoras de servizos deberán facilitar acceso aos programas necesarios para que os usuarios poidan ler, copiar, descargar e imprimir a factura electrónica de forma gratuíta sen ter que acudir a outras fontes para se prover das aplicacións necesarias para isto.

Deberán habilitar procedementos sinxelos e gratuítos para que os usuarios poidan revogar o consentimento dado á recepción de facturas electrónicas en calquera momento.

5. O período durante o que o cliente pode consultar as súas facturas por medios electrónicos establecido no artigo 2.1 b) non se altera porque aquel resolverse o seu contrato coa empresa ou revogase o seu consentimento para recibir facturas electrónicas. Tampouco caduca por esta causa o seu dereito a acceder ás facturas emitidas con anterioridade.

6. As empresas que, estando obrigadas a isto, non ofrezan aos usuarios a posibilidade de recibir facturas electrónicas ou non permitan o acceso das persoas que deixaron de ser clientes ás súas facturas, serán sancionadas con apercibimento ou cunha multa de até 10.000 euros. A sanción determinarase e graduarase conforme os criterios establecidos no artigo 33 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Idéntica sanción pode imporse ás empresas que presten servizos ao público en xeral de especial transcendencia económica que non cumpran as demais obrigacións previstas no artigo 2.1.

É competente para impor esta sanción o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.»

Dous. Inclúese un novo artigo 2 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 2 ter. *Eficacia executiva da factura electrónica.*

1. A factura electrónica poderase pagar mediante cargo domiciliado se se inclúe na correspondente extensión o identificador de conta de pagamento do debedor, e nun anexo, o documento que acredite o consentimento do debedor a que se refire a Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.

2. As facturas electrónicas comportarán execución se as partes así o acordan expresamente. Nese caso, o seu carácter de título executivo deberá figurar na factura e o acordo asinado entre as partes polo que o debedor acepte dotar de eficacia executiva cada factura, nun anexo. No dito acordo farase referencia á relación subxacente que orixinou a emisión da factura.

A falta de pagamento da factura que reúna estes requisitos, acreditada fidedignamente ou, se for o caso, mediante a oportuna declaración emitida pola entidade domiciliaria, faculta o acredor para instar o seu pagamento mediante o exercicio dunha acción executiva das previstas no artigo 517 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

3. Nas relacións con consumidores e usuarios, a factura electrónica non poderá ter eficacia executiva.

4. O disposto neste artigo non será aplicable ao pagamento das facturas que teñan por destinatarios os órganos, organismos e entidades integrantes do sector público.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

Un. Suprímese a letra f) do número 2 do artigo 3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Dous. Suprímese o número 2 do artigo 41 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 65 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 65. *Exixencia e efectos da clasificación.*

1. A clasificación dos empresarios como contratistas de obras ou como contratistas de servizos das administracións públicas será exixible e producirá efectos para a acreditación da súa solvencia para contratar nos seguintes casos e termos:

a) Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado como contratista de obras das administracións públicas. Para os ditos contratos, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á exixida para o contrato, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.

Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente ben mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Na falta destes, a acreditación da solvencia efectuarase cos requisitos e polos medios que regulamentariamente se establezan en función da natureza, obxecto e valor estimado do contrato, medios e requisitos que terán carácter supletorio respecto dos que, se é o caso, figuren nos pregos.

b) Para os contratos de servizos non será exixible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos establecidos nos artigos 75 e 78 da lei como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima exixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para isto ao código CPV do contrato. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente ben mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Na falta destes, a acreditación da solvencia efectuarase cos requisitos e polos medios que regulamentariamente se establezan en función da natureza, obxecto e valor estimado do contrato, medios e requisitos que terán carácter supletorio respecto dos que, se é o caso, figuren nos pregos.

c) A clasificación non será exigible nin aplicable para os demais tipos de contratos. Para os ditos contratos, os requisitos específicos de solvencia exixidos indicaranse no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento, e detallaranse nos pregos do contrato. Regulamentariamente poderanse establecer os medios e requisitos que, na falta dos establecidos nos pregos e atendendo á natureza, obxecto e valor estimado do contrato, acrediten a solvencia para poder executar estes contratos.»

Catro. *Modifícanse os artigos 75 a 78 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, que quedan redactados da seguinte maneira:*

«Artigo 75. *Acreditación da solvencia económica e financeira.*

1. A solvencia económica e financeira do empresario deberase acreditar por un ou varios dos medios seguintes, á escolla do órgano de contratación:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaçión de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

2. A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante a achega dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

3. No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para a acreditación da solvencia económica e financeira dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa do importe mínimo, expresado en euros, de cada un deles. Na súa falta, a acreditación da solvencia económica e financeira efectuarase segundo o disposto para tales efectos no número 1 do artigo 65 da lei.

Artigo 76. *Solvencia técnica nos contratos de obras.*

1. Nos contratos de obras, a solvencia técnica do empresario deberá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes, á escolla do órgano de contratación:

a) Relación das obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; se for o caso, os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

b) Declaración en que se indique os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipamento técnico de que se disporá para a execución das obras, a que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

2. No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para a acreditación da solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, se for o caso, dos valores mínimos exixidos para cada un deles. Na súa falta, a acreditación da solvencia técnica efectuarase segundo o disposto para tales efectos no número 1 do artigo 65 da lei.

Artigo 77. *Solvencia técnica nos contratos de subministración.*

1. Nos contratos de subministración a solvencia técnica dos empresarios deberase acreditar por un ou varios dos seguintes medios, á escollo do órgano de contratación:

a) Relación das principais subministracións efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado delas. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, de que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do dito organismo, cando os produtos que se van subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descrições e fotografías dos produtos que se van subministrar, cuxa autenticidade se poida certificar por petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

2. Nos contratos de subministración que requiran obras de colocación ou instalación, a prestación de servizos ou a execución de obras, a capacidade dos operadores económicos para prestar os ditos servizos ou executar a dita instalación ou obras poderá avaliarse tendo en conta especialmente os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade.

3. No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para a acreditación da solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, se for o caso, dos valores mínimos exixidos para cada un deles e, se for o caso, das normas ou especificacións técnicas respecto das cales se acreditará a conformidade dos produtos. Na súa falta, a acreditación da solvencia técnica efectuarase segundo o disposto para tales efectos no número 1 do artigo 65 da lei.

Artigo 78. *Solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos.*

1. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberase apreciar tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que se deberá acreditar, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes, á escolla do órgano de contratación:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa o importe, as datas e o destinatario, público ou privado, deles. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se for o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se é necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipamento técnico de que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, a que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

2. No anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para a acreditación da solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, se for o caso, dos valores mínimos exixidos para cada un deles, e nos casos en que resulte de aplicación, con especificación das titulacións académicas ou profesionais, dos medios de estudo e investigación, dos controis de calidade, dos certificados de capacidade técnica, da maquinaria, equipamentos e instalacións, e dos certificados de xestión ambiental exixidos. Na súa falta, a acreditación da solvencia técnica ou profesional efectuarase segundo o disposto para tales efectos no número 1 do artigo 65 da lei.»

Cinco. Introdúcese un novo artigo 79 bis no texto refundido da Lei de contratos do sector público, coa seguinte redacción:

«Artigo 79 bis. *Concreción dos requisitos e criterios de solvencia.*

A concreción dos requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional exixidos para un contrato, así como dos medios admitidos para a súa acreditación, será determinada polo órgano de contratación e indicarse no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallarse nos pregos, nos cales se concretarán as magnitudes, parámetros ou ratios e os limiares ou rangos de valores que determinarán a admisión ou exclusión dos licitadores ou candidatos. Na súa ausencia serán de aplicación os establecidos regulamentariamente para o tipo de contratos correspondente, que terán igualmente carácter supletorio para os non concretados nos pregos.

En todo caso, a clasificación do empresario nun determinado grupo ou subgrupo terase por proba bastante da súa solvencia para os contratos cuxo obxecto estea incluído ou se corresponda co ámbito de actividades ou traballos do dito grupo ou subgrupo, e cuxo importe anual medio sexa igual ou inferior ao correspondente á súa categoría de clasificación no grupo ou subgrupo. Para tal efecto, no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos deberase indicar o código ou códigos do vocabulario «común dos contratos públicos» (CPV) correspondentes ao obxecto do contrato, os cales determinarán o grupo ou subgrupo de clasificación, se o houber, en que se considera incluído o contrato.

Reglamentariamente poderase eximir a exigencia de acreditación da solvencia económica e financeira ou da solvencia técnica ou profesional para os contratos cuxo importe non supere un determinado limiar.»

Seis. Engádesse unha disposición adicional primeira bis ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira bis. *Réxime de contratación dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos legislativos e de control autonómicos.*

Os órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas, do

Defensor do Pobo, das asembleas legislativas das comunidades autónomas e das institucións autonómicas análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo axustarán a súa contratación ás normas establecidas nesta lei para as administracións públicas.

Así mesmo, os órganos competentes das Cortes Xerais establecerán, se for o caso, o órgano que deba coñecer, no seu ámbito de contratación, do recurso especial regulado no capítulo VI do título I do libro I desta lei, respectando as condicións de cualificación, independencia e inamobilidade previstas no dito capítulo.»

Sete. Modificación da letra f) da disposición adicional décimo sexta do Real decreto lexislativo 3/2011, polo cal se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público:

«f) Todos os actos e manifestacións de vontade dos órganos administrativos ou das empresas licitadoras ou contratistas que teñan efectos xurídicos e se emitan ao longo do procedemento de contratación deben ser autenticados mediante unha sinatura electrónica avanzada recoñecida de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. Os medios electrónicos, informáticos ou telemáticos empregados deben poder garantir que a sinatura se axusta ás disposicións desta norma.

Non obstante o anterior, as facturas electrónicas que se emitan nos procedementos de contratación rexeranse neste punto polo disposto na Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.»

Oito. Modifícase a disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria cuarta. *Determinación dos casos en que é exigible a clasificación das empresas e dos requisitos mínimos de solvencia.*

O número 1 do artigo 65, como delimita o ámbito de aplicación e de exhibibilidade da clasificación previa, entrará en vigor conforme o que se estableza nas normas regulamentarias de desenvolvemento desta lei polas que se definan os grupos, subgrupos e categorías en que se clasificarán os contratos de obras e os contratos de servizos, e continuará vixente, até daquela, o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 25 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

A nova redacción que a Lei de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público dá aos artigos 75, 76, 77 e 78 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e o artigo 79. bis do dito texto refundido entrarán en vigor conforme o que se estableza nas normas regulamentarias de desenvolvemento desta lei polas que se definan os requisitos, criterios e medios de acreditación que con carácter supletorio se establezan para os distintos tipos de contratos.

Non obstante o anterior, non será exigible a clasificación nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros nin nos contratos de servizos cuxo valor estimado sexa inferior a 200.000 euros.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.*

Un. Modifícase a alínea d) da disposición derogatoria, que queda redactada do seguinte modo:

«d) As alíneas a) a e), ambas incluídas, do número un do artigo 5, as alíneas a) e b) do número dous e o número tres do Real decreto lei 13/2010, do 3 de

decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.»

Dous. Modifícase a letra g) da disposición derradeira décimo terceira, que queda redactada do seguinte modo:

«g) O previsto no artigo 35, relativo ao importe exixido para a cifra mínima do capital social desembolsado e de recursos propios computables das sociedades de garantía recíproca, entrará en vigor aos 9 meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

A presente lei ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.6.^a, 149.1.8.^a, 149.1.13.^a, 149.1.14.^a e 149.1.18.^a da Constitución española.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Regulamentariamente, o ministro de Facenda e Administracións Públicas determinará os requisitos técnicos e funcionais tanto do Rexistro Contable de Facturas como do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, co fin de garantir a integridade, seguridade e interoperabilidade dos distintos sistemas.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

Habílanse o Goberno, o ministro de Facenda e Administracións Públicas e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións regulamentarias e adoptaren medidas necesarias para o desenvolvemento, a aplicación e execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante:

- a) O artigo 4, sobre obrigacións de presentación de factura electrónica, entrará en vigor o 15 de xaneiro de 2015.
- b) O artigo 9, sobre anotación no rexistro contable de facturas, e a disposición derradeira primeira, pola que se modifica o número 4 do artigo 34 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY